



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a la subida de las pensiones mínimas para equipararlas al SMI.**

Según los últimos datos que se hicieron públicos a finales de enero por el propio Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones, la pensión media en Galicia a principios de 2026, después de la subida del 4,88 %, es de 1.174,29 euros, es decir, el segundo dato más bajo del conjunto del Estado, donde la pensión media se sitúa en 1.363,36 euros.

Si atendemos únicamente a la pensión de jubilación, la media está en Galicia en 1.344,61, es decir, 219 euros por debajo de la media estatal de 1.563,56; de nuevo el segundo dato más bajo, y muy lejos de la pensión media más alta por Comunidad Autónoma, situada para 2026 en 1.897,92.

En cuanto a la pensión de viudedad, la media es de 830,20 euros en Galicia, frente a los 971,91 euros de media del Estado español, la de incapacidad permanente es de 1.137,17 euros, por debajo de los 1.253,18 euros estatales. Cabe destacar que las pensiones más bajas siguen siendo las de Ourense, que superarán por primera vez, con la revalorización de 2026, los 1.000 euros.



En definitiva, la pensión mínima contributiva situada en 825,20 euros al mes, y la pensión mínima contributiva de 517,9 euros, cualquiera de las dos cifras, claramente insuficientes para una vida mínimamente digna, es más ante la constante escalada de precios.

Asimismo, las mujeres pensionistas gallegas cobran de media 421,88 euros menos que los hombres, la brecha de género de las pensiones se sitúa en 33,6 %. A los 65 años, la brecha de las cotizaciones es de 11 años: mientras que los hombres tienen de media cotizados 35,6 años, las mujeres tienen 24 años y medio. Actualmente, ningún gallego ni ninguna gallega cuando llega a los 65 años tiene de media los 38 años y medio que se requieren para poder jubilarse a esa edad.

Así pues, el primer paso para asegurar unas pensiones dignas y asegurar la revalorización de las pensiones según el IPC real acumulado a final de año, además de la recuperación del poder adquisitivo perdido con la introducción en el 2021 del índice que atiende al IPC medio. Además deben incrementarse las cuantías de las pensiones mínimas para equipararlas con el Salario Mínimo Interprofesional - calculado este como 60 % del salario medio tal y como recoge la Carta Social Europea. Y, por último, deben revertirse los recortes y recuperar los derechos perdidos en materia de pensiones, con la derogación de las reformas de las pensiones, desde 2011, hasta el último acuerdo de reforma de este año, pues dificultan, aún más si cabe, el acceso a una pensión para muchos trabajadores y trabajadoras.

Cabe recordar que el propio Pacto de Toledo en su recomendación 15 obliga a realizar una revisión anual de la evolución de las pensiones mínimas en relación con los ingresos de suficiencia. Además, el criterio de suficiencia de ingresos establecido en esa recomendación es el contemplado por el Comité Europeo de Derechos Sociales de la Carta Social Europea, que indica que las pensiones mínimas deben aspirar al 60 % del salario medio del Estado para garantizar un nivel de vida digno.



**Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Está en disposición el Gobierno del Estado de incrementar las pensiones mínimas para equipararlas con el SMI que debe, a su vez, situarse en 60 % del salario medio del Estado, tal y como se establece en la Carta Social Europea?
2. ¿Es consciente de la desigualdad existente, por factores territoriales y de género, en las pensiones medias como las de Galicia que son las segundas más bajas del Estado? ¿No cree que habría que atender a los factores diferenciales y tratar de corregirlos para que las personas pensionistas de Galicia y las mujeres cobren pensiones dignas que no están por debajo de la media estatal?
3. ¿Asegurará la revalorización de las pensiones según el IPC acumulado real y la recuperación de la capacidad adquisitiva perdida por la aplicación del IPC medio desde 2021?
4. ¿Derogará las reformas de las pensiones, desde la de 2011 hasta la más reciente, que implican recortes en derechos y dificulta el acceso a una pensión digna?

Madrid, a 24 de febrero de 2026

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

24 FEB. 2026 16:29:24

Entrada **102375**

## Sobre a suba das pensións mínimas e a equiparación co SIMI

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á suba das pensións mínimas para equiparalas ao SMI.**

Segundo os últimos datos feitos públicos a finais de xaneiro polo propio Ministerio de Inclusión, Seguranza Social e Migracións a pensión media na Galiza a comezos de 2026, despois da suba de 4,88%, é de 1.174,29 euros, isto é, o segundo dato máis baixo do conxunto do Estado, onde a pensión media se sitúa en 1.363,36 euros.

Se atendemos unicamente á pensión de xubilación, a media está na Galiza en 1.344,61, isto é, 219 euros por debaixo da media estatal de 1.563,56, máis unha vez o segundo dato máis baixo, e moi lonxe da pensión media máis alta por Comunidade Autónoma, situada para 2026 en 1.897,92.

No referente á pensión de viuvez, a media é de 830,20 euros na Galiza, fronte aos 971,91 euros de media no Estado español, a de incapacidade permanente é de 1.137,17 euros, por debaixo dos 1.253,18 euros estatais. Cabe destacar que as pensións máis baixas seguen a ser as de Ourense, que superarán por primeira vez, coa revalorización de 2026, os 1000 euros.

En definitiva, a pensión mínima contributiva situada en 825,20 euros ao mes, e a pensión mínima contributiva de 517,9 euros, calquera das dúas cifras, claramente insuficientes para unha vida minimamente digna, e máis ante a constante escalada de prezos.



Así mesmo, as mulleres pensionistas galegas cobran de media 421,88 euros menos que os homes, a fenda de xénero das pensións sitúase en 33,6%. Aos 65 anos a fenda das cotizacións é de 11 anos: mentres os homes teñen de media cotizados 35,6 anos, as mulleres teñen 24 anos e medio. Actualmente, ningún galego e ningunha galega cando chega aos 65 anos ten de media os 38 anos e medio que se requiren para se poder xubilarse a esa idade.

Así pois, o primeiro paso para asegurar unhas pensións dignas e asegurar a revalorización das pensións segundo o IPC real acumulado a final de ano, ademais da recuperación do poder adquisitivo perdido coa introdución no 2021 do índice que atende ao IPC medio. Ademais deben incrementarse as contías das pensións mínimas para equiparalas co Salario Mínimo Interprofesional - calculado este como 60% do salario medio tal e como recolle a Carta Social Europea-. E por último deben revertirse os recortes e recuperar os dereitos perdidos en materia de pensións, coa derogación das reformas das pensións, desde a de 2011, até o último acordo de reforma deste ano, pois dificultan, aínda máis se cabe, o acceso a unha pensión para moitos traballadores e traballadoras.

Cabe lembrar que o propio Pacto de Toledo na súa recomendación 15 obriga a unha revisión anual da evolución das pensións mínimas en relación cos ingresos de suficiencia. Ademais, o criterio de suficiencia de ingresos establecido nesa recomendación é o contemplado polo Comité Europeo de Dereitos Sociais da Carta Social Europea que indica que as pensións mínimas deben tender ao 60% do salario medio do Estado para garantir un nivel de vida digno.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao dirixidas ao Goberno:**

1. Está en disposición o Goberno do Estado de incrementar as pensións mínimas para equiparalas co SMI que debe, á súa vez, situarse en 60%



- do salario medio do Estado, tal e como se establece na Carta Social Europea?
2. É consciente da desigualdade existente, por factores territoriais e de xénero, nas pensións medias como as da Galiza que son as segundas máis baixas do Estado? Non cre que habería que atender aos factores diferenciais e tratar de corrixilos para que as persoas pensionistas da Galiza e as mulleres cobren pensións dignas que non estean por debaixo da media estatal?
  3. Asegurará a revalorización das pensión segundo o IPC acumulado real e a recuperación da capacidade adquisitiva perdida pola aplicación do IPC medio desde 2021?
  4. Derrogará as reformas das pensións, desde a de 2011 até as máis recentes, que implican recortes en dereitos e dificulta o acceso a unha pensión digna?

Madrid, a 24 de febreiro de 2026

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**